



# MEMORIA DE ACTIVIDADES ASOCIACIÓN XUVENIL AMENCER

PRAZA DON BOSCO 1, BAIXO 32003 OURENSE

AMENCER@AMENCER.ORG  
 WWW.AMENCER.ORG  
 FB: /A.X.AMENCER  
 IG/TW: @AXAMENCER

# 2019





# Índice

Os números de 2019	3
Infancia	4
Mocidade	7
Adultos	10
Voluntariado	11
En rede	13
Economía	14
Colaboración	15





# Que é AMENCER?

A Asociación Xuvenil **AMENCER** nace o día 23 de marzo de 1987. Dende as súas orixes, hai 33 anos, é unha asociación xuvenil de ámbito do tempo libre que trata de educar integralmente aos seus destinatarios: infancia e mocidade, aínda que indirectamente abrangue toda a sociedade ourensá.

**AMENCER** move semanalmente unha media de 300 rapaces e rapazas, mozos e mozas en grupos de tempo libre, desde os 6 até os 18 anos de idade. E ofértanse máis de 60 proxectos para todas as idades e centros de interese: música, expresión, solidariedade, medios de comunicación, deporte, etc. Hai un equipo de animación de 250 membros que coordinan e traballan de forma voluntaria para levar a cabo todo isto.



## Que facemos?

Facemos actividades de tempo libre nos grupos do Itinerario, organizamos e colaboramos en actividades que promoven a solidariedade e o compromiso social, participamos en encontros formativos de diversa índole e localización, favorecemos o desenvolvemento artístico - musical do noso equipo animador e destinatarios e destinatarias, potenciamos momentos de encontro e convivencia ao longo de todo o ano, lanzamos actividades abertas a toda a cidade, nas que calquera que o desexe pode participar, informamos de novas e actividades tanto de carácter interno como externo, traballamos en prol da lingua e a cultura galegas, movémonos e organizámonos en rede con entidades, tanto de ámbito salesiano como entidades públicas e privadas, relixiosas e laicas, do noso país. Organizamos a nosa xestión para dar chegado a todo o que poidamos e a todos.

Todo o que facemos, facémolo desde o voluntariado, desde a convicción de que outro mundo mellor é posible, tratando de potenciar e favorecer o protagonismo xuvenil; facémolo por e para a infancia e mocidade.



Os números de

# 2019



### 18.196 (rapazada)

- 180 nos grupos Trisquel
- 3.223 en "Xangal"
- 6.352 na Sala Aberta
- 6.578 en actividades infantís ATP
- 820 en "Mañás de ...."
- 50 en "Tempos de diversión"
- 53 en "Tempo de troula" xuño
- 27 en "Tempo de troula" setembro
- 761 no "Campamento Urbano"
- 98 en Apoio Educativo
- 9 en Obradoiro de guitarra
- 9 en Ciencia divertida
- 16 en Cociña divertida
- 7 en Música e movemento
- 13 en Iniciación ao teatro



### 9.830 (mocidade)

- 198 en grupos xuvenís
- 1.802 na sala de xogos
- 103 no "Campamento Urbano xuvenil"
- 940 no ATP
- 2.937 na Sala Aberta
- 1.463 en Actividades musicais
- 401 en Actividades deportivas
- 459 en Actividades Solidarias
- 27 en Grupos de Referencia
- 27 en Comunidades Xuvenís
- 10 no Club de lectura



### 652 (voluntariado)

- 108 durante todo o ano
- 121 no "Campamento urbano"
- 12 voluntariado en prácticas
- 11 preanimadores/as
- 3 premonitoras
- 2 Servicio Civil Italiano
- 1 Voluntariado Internacional
- 394 voluntariado OQ



### 9 Contratos Profesionais

- 2 xornadas de 40 horas
- 1 xornada de 32,5 horas
- 1 xornada de 9 horas
- 1 xornada de 8 horas
- 1 xornada de 3 horas
- 1 xornada de 1,5 horas
- 2 xornadas de 1 hora



### 6.384 Adultos

- 5.362 en Sala Aberta
- 549 familias
- 261 educadores
- 212 noutras actividades



# Infancia

Desde sempre, en **AMENCER** a opción pola cativada está presente nas nosas actividades de tempo libre educativo que, co paso do tempo fóronse ampliando até chegar á oferta de grupos de ritmo semanal que temos na actualidade; de ter só grupos ADS (12-14 anos), pasamos a ofertar tamén os grupos Andaina (9-11 anos) e os Saltimbanquis (6 a 9 anos).

Tamén desde o inicio de **AMENCER** coma asociación ofertou o “Campamento Urbano”, unha oferta libre, gratuíta e aberta a toda a rapazada de 8 a 16 anos de idade, que durante a primeira quincena de agosto gozar dun campamento na nosa cidade.

Co paso do tempo, foron moitas as actividades infantís que se foron incorporando á nosa programación anual: ATP, Apoio Educativo, Xangal, Mañás de..., Tempos de Diversión, Tempo de Troula. Algunhas levan moitos anos de andaina, e outras pertencen á nosa historia máis recente, pero desde todas elas trátase de dar resposta a unhas necesidades e demandas reais.



## Proxectos en números

### Trisquel

Actividades de ritmo semanal de outubro a xuño dentro dun itinerario de educación no tempo libre para rapaces e rapazas de 6 a 13 anos. O número de participantes foi:

62 en Saltimbanquis.

56 en Andaina.

62 en ADS.

### Coordinadora infantil

Participantes:

71 na Festa de Reis (12/01/19).

45 na Festa infantil Xoán Bosco (26/01/19).

52 no Entroido infantil (02/03/19).

97 na Noite Trisquel (15/03/19).

67 na Festa do pano (27-28/04/19).

47 na Xuntanza do IEF (11/05/19).

32 na Feira de María Auxiliadora (25/05/19).

23 na Feira sen fume (01/06/19).

23 na Xincana de auga (08/06/19).

61 nos campamentos infantís de Saltimbanquis (28-30/06/19), Andaina e ADS (15-23/07/19).

68 no Día da Familia (16/11/19).

65 no Magosto infantil (16/11/19).



# Infancia

## A Tope na Ponte

Nas pontes do curso escolar tratamos de organizar actividades abertas e alternativas para a rapazada da cidade. Este ano participaron:

1719 no Entroido (21/02/19 - 06/07/19).  
487 en San Xosé (15-18/03/19).  
457 en Semana Santa (12-24/04/19).  
584 na Ponte de Maio (30/04/19 - 05/05/19).  
976 nas Letras Galegas (16-17/05/19).  
607 en Samaín (25-31/10/19).  
598 en San Martiño (8-16/11/19).  
596 na Constitución-Inmaculada (4-6/12/19).  
1494 en Nadal (20/12/19-07/01/20).

## ProInfanciaLaCaixa

Animamos o proxecto de ocio e tempo libre subvencionado pola Obra Social La Caixa.

Participantes:

60 nas Colonias Proinfancia en Xuño/Xullo.  
20 nas Colonias Proinfancia en Decembro.  
40 no Centro aberto de Covadonga (de outubro a maio).

## Extraescolares

Actividades extraescolares en centros educativos (de outubro a maio).

Participantes:

9 en Obradoiro de guitarra.  
9 en Ciencia divertida.  
16 en Cociña divertida.  
7 en Música e movemento.  
13 en Iniciación ao teatro.  
10 no Club de Lectura.  
32 en lecer coa rapazada con discapacidade.

## Mañás de...

Actividades lúdico educativas para a cativada de 3 a 12 anos durante as vacacións escolares favorecendo a conciliación da vida laboral.

Participantes:

53 en Mañás de Entroido (04 - 06/03/19).  
73 en Mañás de Semana Santa (15 - 22/04/19).  
545 en Mañás de Verán (24/06/19 - 19/07/19).  
149 en Mañás de Nadal (23/12/19 - 07/01/20).

## Tempos de Troula

Actividades lúdico educativas para a cativada de 3 a 12 anos polas tardes nos meses de xuño e setembro.

50 en Tempo de Troula Xuño (1-21/06/19).  
27 en Tempos de Troula Setembro (11-30/09/19).





# Infancia

## Tempos de Diversión

En vacacións de Semana Santa (15 - 22/04/19).

50 participantes de 8 a 14 anos.

## Campamento Urbano Infantil

“Misión do verán” do 1 ó 13 de agosto .

761 participantes de 8 a 16 anos.



## Apoio educativo

Apoio á rapazada con carencias educativas específicas e que pertencen a distintos centros educativos da nosa cidade.

98 participantes de 6 a 16 anos.

## Sala Aberta

Un lugar para encontrarse e estar cos amigos e amigas. Con música, televisión, xornais do día, xogos de mesa, exposicións, punto de información xuvenil... Participantes:

39 de media diaria de luns a xoves.

45 de media diaria os venres.



## Xangal

Ludoteca e biblioteca infantil onde poden pasar a tarde xogando e lendo.

Participantes:

17 de media diaria de luns a xoves.

21 de media diaria os venres.





# Mocidade

Que **AMENGER** sexa unha asociación xuvenil implica que o central da súa acción educativa no tempo libre é a mocidade, subliñando desde os inicios a participación, a responsabilidade e a creatividade.

En **AMENGER** existen grupos xuvenís de tempo libre desde o principio. Son grupos de ritmo semanal, formados por xente nova acompañados por un animador ou animadora, que participan en diversas actividades ao longo do curso e rematan co campamento de verán, xunto con xente moza de Galicia, Asturias e Castela e León.

Por outra banda, en **AMENGER** sempre houbo un local de encontro para a xente moza. Pasouse dunha sala a unha sala moza, e de aí á actual Sala Aberta, da que xorden novos proxectos e actividades: concertos, torneos, obradoiros...

Na clave de organización xuvenil, en **AMENGER** fóronse creando distintas comisións nas que se traballan diferentes centros de interese da xente moza: a “Comisión Xalgarete”, a “Comisión Música”, a “Comisión Solidariedade”, a “Comisión de Deportes”... E, no verán, unha oferta nocturna complementaria ao “Campamento Urbano”: o “CU Xuvenil”

## Grupos xuvenís

Grupos de xente nova de 14 a 19 anos.

Participan:

198 en grupos de tempo libre (de outubro a xuño).

35 na Xuntanza de Grupos Xuvenís (27-01-2018).

59 nos Campamentos de verán (7-15/07/19).

45 no Donbosco.com e Campobosco (22-24/11/19).

## Comunidades xuvenís

Maiores de 18 anos. Participantes:

11 con 2 animadores na Comunidade do 82.

16 con 3 animadores na Comunidade do 95.

## Grupos de Referencia

Maiores de 19 anos. Participantes:

13 con 2 animadores no grupo de Referencia I.

14 con 2 animadores no grupo de Referencia II.

## Xalgarete

Comisión que coordina proxectos que se encargan de coidar a nosa lingua, cultura, tradicións...

8 membros.





## Vive a Música

Proxecto de actividades musicais.

17 na coordinadora.

117 participantes; 274 de público e 15 de organización en Camiño á fama (08/06/19).

89 participantes e 8 de organización no Boscomusic (04/01/19).

67 participantes, 171 de público e 10 de organización no Festival Fin de curso (06/06/19).

170 participantes, 600 de público e 9 en organización nas dúas quendas do Festival Fusi3n Pro CU (27-28/06/19).

## Deporte para todos

Participantes

90 xogadores, 31 de público e 9 de organización no Torneo de Fútbol Sala Entroido (04/03/19) .

84 xogadores, 11 de público e 8 de organización no Torneo de Fútbol Sala Semana Sta (15/04/19).

72 xogadores, 67 de público e 19 de organización no Torneo de Fútbol Sala 24h (27-28/12/19).

## Campamento Urbano Xuvenil

Actividades nocturnas (de 22:30 a 00:00h) gratuítas para maiores de 15 anos. Participantes:

103 no CUX do 1-12/08/19 .

## Xangal

Espazo dotado de ciber, fútbolín, pimpón, sala de xogos...(de outubro a maio). Participantes:

12 de media diaria de luns a xoves (17:15-19:45h).

11 de media diaria dos venres (17:15-20:45h).

## Sala Aberta

Un lugar para encontrarse e estar cos amigos. Con música, televisión, xornais do día, xogos de mesa, exposicións, punto de información xuvenil.

Participantes:

18 de media diaria de luns a xoves (17:15-19:45h).

24 de media diaria os venres (17:15-20:45h).





## Exposicións

Achegamento ao mundo da arte e a súa cara máis creativa e xuvenil.

“Libros de Don Bosco para todas as idades”+“Libros de Don

Bosco en todos os idiomas” do 18/01 - 8/02 na Sala Aberta.

“O Entroido e as súas máscaras” do 8-22/02 na Sala Aberta.

“Os xogos populares” do 11-28/03 na Sala Aberta.

“En branco e negro” do 29/03 - 22/04 na Sala dos 15 anos.

“Mulleres: protagonistas do desenvolvemento” do 22/04 - 13/05 na Sala dos 15 anos

“Os Maios” do 6-13/05 na Sala Aberta.

“Antón Fraguas Fraguas. Día das Letras Galegas 2019” do 13/05 - 3/06 na Sala Aberta.

“Mil e unha instantáneas do verán” do 10/10 - 4/11 na Sala dos 15 anos.

“Ambientación Samaín” do 21/10 - 4/11 na Sala Aberta e na Sala dos 15 anos.

“Grandes horizontes: Ourense e a súa provincia” do 4/11 - 3/12 na Sala Aberta.

“Ourense no tempo” do 4-18/11 na Sala dos 15 anos.

“Dereitos dos nenos e das nenas” do 18/11 - 12/12 na Sala de 15 anos.

“Voluntariado” do 4-20/12 decembro na Sala Aberta.

“Ambientación Nadal” do 22/12 de 2019 - 13/1 de 2020 na Sala Aberta.

## PIX

Servizo de información xuvenil. Participantes:

3 mozos.

## Amencer é unha festa

Participantes:

75 na Festa de reis xuvenil (11/01/19).

45 en Xoán Bosco en Amencer (26/01/19).

61 no Entroido xuvenil (01/03/19).

20 nos Maios (05/05/19)

35 no Xantar da Festa de María Auxiliadora (25/05/19).

38 nas Cacharelas de San Xoán (23/06/19).

107 na Inauguración xuvenil (18/10/19).

98 no Magosto xuvenil (15/11/19).

50 na Cea de Nadal (22/12/19).

70 nas diferentes ceas dos grupos xuvenís nas vacacións de Nadal (22-30/12/19).

28 na Pista de Xeo (22/12/19).

# Mocidade





# Adultos

**AMENCER** sendo unha asociación xuvenil coordina actividades na que os adultos participan de moitos xeitos: desde acompañando aos seus fillos e fillas nalgunhas actividades, participando nalgunha festa ou encontro aberto a todos e todas (nenos e nenas, mozos e mozas e adultos) ou incluso en actividades que os mesmos son os verdadeiros protagonistas. Queriamos desde este ano visibilizalo, de aí que engadamos este novo apartado, que nas anteriores memorias xa estaban presentes dun xeito transversal nos outros proxectos, pero que cremos necesario darlle o valor que ten creando este apartado denominado “Adultos”.

## Sala Aberta

Un lugar para encontrarse e estar cos amigos e amigas. Con música, televisión, xornais do día, xogos de mesa, exposicións, punto de información xuvenil...

34 de media diaria de luns a xoves.

35 de media diaria os venres.

## Apoio Educativo:

33 familiares de media semanal dos destinatarios do proxecto.

## Atención ao público:

41 de media semanal atendidos tanto telefonicamente como presencialmente.

## Encontros coas familias en entradas e saídas das actividades dos grupos do IEF

70 familias por semana.

## Voluntariado Senior

5 adultos participaron a través deste programa en diferentes proxectos dende xaneiro a outubro.

## Compartir

Experiencias formativas compartidas con xente do Noroeste de España. Participantes:

39 nas convivencias cristiás en Allariz (9-10/03/19).

129 na Asemblea do itinerario en Ourense (28-29/10/19).



## Cursos

Profesorado:

2 na organización e formación CMTL/CDTL en Arévalo (20-31/08/19) .

25 nas dúas quedas do CMTL en Abril-Xuño/19 e Novembro-Decembro/19.

## Xoán Bosco en Amencer (26/01/19)

35 participantes.

## Día do Carisma (26/01/19)

42 participantes.

## Reunión coas familias campamentos IEF:

43 na reunión de preinscrición (05/02/2019) e

48 na de explicación dos campamentos (28/05/2019).

## Comparsa de Entroido

Participantes:

19 no obradoiro de entroido (xaneiro-febreiro/19).

53 nos desfiles de Entroido en Ourense (03/03/2019) e na Valenzá (05/03/2019).





**Festa do pano (28/04/19).**  
41 familiares.

**Maios (abril-maio/19).**  
14 participantes no obradoiro de creación dos maios .

**Reunión informativa familias de Mañás de Verán (18/06/19)** 44 familiares.

**Camiño de Santiago con 3ºESO (1-4/10/19) e 2º Bacharelato: (14-15/10/19)**  
13 acompañantes.

**Inauguración de Entidades (18/10/19)**  
25 participantes.

**Inauguración coas familias. Día da Familia (19/10/19)**  
56 participantes.

**Mesa Domund (20/10/19)**  
5 participantes.

**Convivencias colexiais (5-6/11/19; 11-12/02/19)**  
19 participantes.

**Operación Quilo**  
Participantes:  
14 na **recollida de supermercados** (novembro-dembro/19).  
40 na **colocación de roupa, xoguetes, alimentación e caixas** (dembro/19).  
10 na **gran recollida CCPV** (12h intensivas o 14/12/19).  
48 no **reparto a Cáritas** (21/12/19).

**Oración de Nadal (21/12/19)**  
34 participantes .

**Festa de fin de ano familias de Mañás de Nadal (31/12/19)**  
79 familiares.



## Voluntariado

**AMENCER** é unha asociación de voluntariado desde as súas orixes. Entre todos e todas os que formamos parte de **AMENCER** ímonos responsabilizando de distintos sectores e proxectos.

Creemos na xente moza, e de aí que toda a historia de **AMENCER** sexa unha historia de compromiso que xorde no cotián e en distintas idades e momentos. Facilitamos ese camiño de traballar gratuitamente polos demais, e sobre todo pola xente máis nova.

Nese senso, co cambio sociolóxico que vivimos vanse creando proxectos que axuden a sensibilizarnos, a acompañar e a formar aos nosos equipos de voluntarios e responsables da Asociación.

Nesta clave xurdiron desde hai uns anos o “Plan de Acompañamento”, o “Plan de formación de animadores, preanimadores e premonitores”, o grupo de reflexión “I+D+i”, o “Proxecto Compartir”, o CMTL e/ou o CDTL, a participación en cursos *online* e monográficos (algúns organizados por nós mesmos), o “Foro de voluntarios”... Todo un camiño que quere facilitar a calidade na nosa opción de educadores e educadoras no tempo libre.





# Voluntariado

## Plan de acompañamento

Vén sendo unha guía para facilitar os inicios como voluntario de calquera persoa que chega, axudando a súa integración na Asociación e para favorecer que vaia asumindo responsabilidades sen sentirse só ou sen que lle resulte unha carga pesada.

## Formación de animadores e animadoras

Ofertamos formación para o noso voluntariado, que cremos é indispensable para a nosa maduración e para enfrontarnos a nosa tarefa de animación.

Participantes:

- 23 na Asemblea Trimestral (13/04/19).
- 20 na Asemblea Trisquel (13/04/19).
- 13 na Asemblea Trimestral (23/06/19).
- 42 na Asemblea Anual (28-29/09/19).
- 26 na Asemblea Trisquel (04/10/19).
- 19 na Asemblea Trimestral (21/12/19).
- 29 na Asemblea Trisquel (21/12/19).
- 25 de media nos encontros de animación.

## Foros

Charlar, dialogar, debater... son algunhas das cousas que facemos nos foros de animadores.

## I+D+i

Animadores e animadoras veteranos que deseñan e reflexionan sobre o centro xuvenil.

## Servizo Civil Italiano (SCI)

2 participantes no 2019.

## Corpo Europeo de Solidariedade (CES)

1 voluntaria no 2019.

## Campamento Urbano

121 no campamento urbano infantil coa rapazada de 8 a 16 anos do 1-13/8/19.

## Operación Quilo

1.237 familias beneficiadas formadas por 3.281 persoas.

Conseguiuse:

- 21.685 quilos de alimentos.
- 6.540 quilos de xoguetes.
- 20.100 quilos de roupa.



## Área de creatividade

Equipo de animación que diseña novas actividades ou propoñe actualizacións nas actividades de sempre.

## Compartir

Experiencias formativas compartidas con equipos de animación do Noroeste de España.

Participantes:

- 8 nas Convivencias cristiás en Allariz (9-10/03/19).
- 28 na Asemblea do itinerario en Ourense (28-29/10/19).
- 17na Asemblea de Precampamentos en Lugo (16/09/19).

## Cursos

Monitores: favorecer que o noso equipo de animación obteña a titulación oficial.

- 10 no CMTL Abril-Xuño/19.
- 15 no CMTL Novembro-Decembro/19.

Cursos en rede: organizados por outras entidades nos que participamos de Amencer.

7 participantes no CMTL/CDTL en Arévalo (20-31/08/19)

Monográficos: organizados por Amencer e que poidan participar xente de fóra.





# En Rede...

Sempre tivemos claro que nós non chegamos a todos nin podemos avanzar en reflexión e en acción. Traballar en rede é clave para poder ter calidade e eficacia nun proxecto de tempo libre educativo.

Desde este punto de vista xorde o feito de que **AMENCER** estableza relacións coas Administracións Públicas da nosa cidade, provincia e país, que estea en foros xuvenís no ámbito do Espazo Xove de Ourense e na Diocese, e tamén que se relacione cunha morea de asociacións e entidades coas que compartimos experiencias, formación e ideas.

Nesa mesma liña de traballo en rede, na que se vén traballando desde as orixes, **AMENCER** pertence á Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, á Mesa de Tempo Libre e ao “Seminario de Mocidade e Tempo Libre”, que se reúne trimestralmente en Compostela.

Ademais, traballamos con persoas que nos veñen derivadas de ATOX, Proxecto Home, Arela, Lar e outras entidades relacionadas coa infancia e mocidade en dificultades e/ou risco de exclusión social, tanto en actividades puntuais como integrándoas na vida ordinaria da Asociación.

Hoxe en día son moitas as asociacións, entidades e organismos cos que compartimos ilusións, esforzos e traballo a prol da mocidade ourensá.

## En rede Don Bosco

**Federación de Centros Xuvenís Don Bosco:** Somos entidade fundadora. Coa Federación compartimos o día a día dos nosos proxectos e actividades (grupos infantís e xuvenís, actividades de verán, representación...) que se coordinan a nivel autonómico desde a Federación.



**Escola de Tempo Libre Don Bosco:** Colaboramos con ela na realización do Curso de Monitores; somos a súa sede en Ourense.



**Fundación Juan Soñador:** Colaboramos con eles na integración dos seus nenos e nenas de Teranga e outros programas socio-educativos nos nosos proxectos e actividades. E tamén como entidade prestadora de servizos no Programa CaixaProinfancia.



**Colexio salesiano M<sup>a</sup> Auxiliadora:** Desde **AMENCER** mantemos estreita colaboración co Departamento de Pastoral e co Departamento de Orientación, ademais de colaborar en moitas das actividades colexiais: inauguración oficial do curso, magosto, festas de Don Bosco e M<sup>a</sup> Auxiliadora, convivencias, campañas solidarias...



**ANPA do Colexio Salesiano:** Estreita colaboración con ela a través da organización e participación nalgunhas das actividades organizadas por, con e para as familias que a forman



**JyD:** Colaboramos con esta ONGD fundamentalmente a través das campañas de cooperación ao desenvolvemento e traballando con eles desde a sensibilización, a educación e a procura de axudas económicas para os proxectos que desenvolven no Terceiro Mundo.



## Con Outros na cidade...

**Cáritas diocesana e parroquiais:** Operación Quilo

**POI Galicia:** Participación infantil e incidencia política a nivel local

**Proxecto Home:** Boscomusic

**Red Nai:** Operación Quilo

**Centro Comercial Ponte Vella:** Operación Quilo e Pista de xeo

**Mc Donalds:** Operación Quilo

**Scouts ASDE, Cruz Vermella:** Día dos dereitos dos nenos e nenas.

**Espazo xove:** Actividades culturais e xuvenís

**Rosauría:** Día de Rosalía de Castro

**Comercio Vivo: Ourense:** Mercado de Nadal





**Escola de arte Antonio Failde:** Maios

E unha chea de colaboracións máis na Operación Quilo, no Campamentos Urbano, en Apoio Educativo, etc



# Economía

A Asociación Xuvenil **AMENCER** é posible grazas á participación directa de moitas entidades. A achega da Federación e dos Salesianos cubre unha estrutura básica que permite o posterior desenvolvemento das actividades da asociación, asumindo custes de persoal e locais. A continuación sinálase a procedencia de ingresos (246.435,20 €) e destino de gastos (222.788,80 €) das diferentes entidades que fixeron posible as actividades en 2019.



# Colaboración

Coas Administracións Públicas



Con entidades privadas





# Colaboración

## Cos Medios de Comunicación Social

**Prensa Escrita:** *Comunidade, Faro de Vigo, La Voz de Galicia, La Región, Ourense por Barrios...*

**Televisión:** *Auria TV, Telemiño, Televisión de Galicia, TVE Galicia.*

**Radio:** *Cope, Ser, Onda Cero, Punto Radio, Radio Galega, RNE de Galicia, Radio Voz, Radio Líder...*



## Na Operación Quilo

18 empresas que colaboran coa doazón de alimentos.

15 entidades deportivas que organizan eventos solidarios e recadacións nas súas instalacións.

51 representantes de entidades públicas e privadas que colaboraron coa campaña “Peso por Quilo”.

77 puntos de recollida de alimentos (entidades, comercios, espazos públicos,...) en caixas.

42 supermercados que nos permiten poñer o carro para os alimentos.

246 establecementos que nos permiten poñer petos.

30 perruquerías que colaboraron coa campaña de venda de lazos solidarios xunto coa asociación de perruqueiros.



## No Campamento Urbano

 Concello de **OURENSE** Xuventude





